

¡Feitos de muller... fotografíaA!

Día internacional da muller, 8 de marzo de 2019

E ti... a quen queres fotografar?

IES Río Cabe, 1 Concurso fotográfico sobre a muller traballadora

1. Obxectivo

Este concurso ten como finalidade destacar o papel da muller traballadora na actualidade.

2. Persoas destinatarias

O concurso, organizado pola ANPA e o proxecto *Donas de si* (Plan Proxecta), ten carácter individual e está destinado a todo o alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos e Ensinanzas de adultos.

3. Categorías

Establécese as seguintes categorías: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclos Formativos e Ensinanzas de adultos.

4. Presentación das fotografías

Os/As concursantes poden presentar ata un máximo de 3 fotografías, pero só unha delas recibirá premio.

As obras deben entregarse en formato físico, en papel, cunhas dimensións mínimas de 20x15cm. No reverso da fotografía constará: lema (un chío de máximo 140 caracteres) e pseudónimo (non se dará o nome nin outro dato que se poida relacionar co autor ou autora). Xunto coa foto achegarase unha plica: papel dentro dun sobre pechado onde conste o título, o pseudónimo (o mesmo que figure no reverso da foto), o nome do autor ou autora e o curso ao que pertence. Todo isto (fotografía e plica) metido nun sobre máis grande. As obras entregaranse na secretaría do IES Río Cabe facendo constar no sobre o nome do concurso: *FotografíaA. Feitos de muller*.

5. Requisitos das fotografías

As fotografías deben ser inéditas e non ter sido presentadas nin premiadas noutros concursos anteriormente. Non poderá ser presentada ningunha fotografía cuxos dereitos de propiedade intelectual non pertencen ao autor das mesmas. Quedarán fóra do concurso aquelas que non cumpran os requisitos anteriores.

6. Prazos de admisión

A data de admisión comeza o día 8 de marzo de 2019 co gallo do Día Internacional da Muller Traballadora.

A data límite para a entrega será o luns 8 abril do 2019. Non se admitirán fotos a concurso con posterioridade a esta data.

7. Xurado

O Xurado, composto por tres persoas do centro, valorará a orixinalidade e calidade das obras, así como a súa adecuación ao tema do concurso.

8. Premios

Concederanse tres premios individuais doados pola ANPA do centro e que consisten en:

- 1º premio: unha cámara somerxible
- 2º premio: altofalante e xogo para a Wii
- 3º premio: auriculares con bluetooth

Todos e todas as participantes recibirán un diploma acreditativo de ter participado no concurso.

9. Outros requisitos

O alumnado participante deberá poñerse en contacto coas profesoras organizadoras: Tania Vázquez García, profesora de Lingua Galega e Literatura, e Beatriz López López, profesora de Lingua Castelá e Literatura, ante calquera dúbida que puidese xurdir.

A participación neste concurso leva consigo a aceptación destas bases. Con todas as fotografías, farase unha exposición no centro. Os participantes aceptan, polo tanto, que a súa obra sexa visible e exposta ao público.

